PEPE GALÁN

MAYDAY

PEPE GALÁN

11 de abril a 6 de maio. 2007

Sala de Exposicións I. Centro Social Caixanova en Vigo

COORDINACIÓN | FUNDACIÓN CAIXANOVA

PRODUCIÓN | PRODUCCIÓN | FUNDACIÓN CAIXANOVA

CATÁLOGO

TEXTOS | © Camilo Franco

FOTOGRAFÍAS | © Raúl Vázquez

DESEÑO | disigna edenia | www.edenia.org

IMPRIME | Rodi Artes Gráficas, Ourense

DEP. LEGAL | OU-

MAYDAY

PEPE GALÁN

fundación caixanova

MAYDAY

Grande MAYDAY 01 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 257 x 66 x 66 cm • 2007
(detalle en doble páxina seguinte | detalle en doble página siguiente)

MAYDAY
MAYDAY
MAYDAY

YA MAYDAY

Grande MAYDAY 02 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 235 x 66 x 66 cm • 2007
(detalle en páxina anterior | detalle en página anterior)

MAYDAY 01 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 36 x 66 x 66 cm • 2007

MAYDAY 02 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 40 x 66 x 66 cm • 2007
(detalle en páxina seguinte | detalle en página siguiente)



MAYDAY 04 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 44 x 66 x 66 cm • 2007 • (Páxina anterior detalle)
(detalle en páxina anterior | detalle en página anterior)

MAYDAY 05 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 67 x 66 x 66 cm • 2007
(detalle en páxina e doble páxina seguinte | detalle en página y doble página siguiente)

YAGYAM
YAGYA

AGOYAM

2002
1992
1987
1978
1976
1971
1970
1962
1961

MAYDAY 03 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 87 x 66 x 66 cm • 2007
(detalle en páxina anterior | detalle en página anterior)

Plano MAYDAY 02 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 7,5 x 66 x 66 cm • 2007
(detalle en páxina seguinte | detalle en página siguiente)

Plano MAYDAY 01 • plástico, vidro e ferro | plástico, vidrio y hierro • 8 x 66 x 66 cm • 2007

Plano MAYDAY 03 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 5 x 66 x 66 cm • 2007

Camilo Franco

CONTRA AS INCLEMENCIAS DOS TEMPOS

Hai tantos días nos que a cousas ideais parecen estar a dous pasos dun que o raro é non facerse con elas. Non botar man das súas posibilidades ou non utilizalas como referente iconográfico, como sublimación gráfica. Hai días así, atravesados por certezas ficcionais que semellan das outras, marcados por unha claridade que Walter Benjamin non acabou de identificar e que quizais o cubra toda de certezas que unha ollada convencional non transcenda. Quizais todo forma parte do engano da perspectiva que, seguramente, é esa posibilidade de que todos miremos o mesmo pero ninguén vexa nada igual.

Hai días tantos días nos que as cousas ideais parecen estar a dous pasos que o raro é non tocalas. Pero quizais non podamos porque

este tamén é un efecto da perspectiva ou porque a transparencia é unha dimensión que, agás os poetas, todo o mundo está disposto a aceptar que nos distancia. Así que vamos conformando un mundo próximo pero remoto, despregado para ser admirado cinematograficamente como se a dimensión do tacto, a terceira, non tivese dereito a existir. É entón, mentres ollamos na distancia o verdor cinguido, cando se apreciamos o golpe no parabrisas e a perspectiva cambia e quedamos advertidos do perigo porque, sen rachar o cristal, xa sabemos que é precisa outra forma de mirar. *The dream is over*.

En moitos sentidos esta obra de Pepe Galán xoga coas maneiras de mirar alén da súa operatividade inmediata. Parece lóxico que un artista propoña un cambio de foco, que advirta que por debaixo da ollada cotián hai outras posibilidades. É menos habitual que o artista especule coa evidencia de que sempre miramos a través de algo e que ese intermediario inevitable non é material neutro. O xogo non é estético nin sequera por esa apropiación dun material tan sofisticadamente tecnolóxico, tan marcado polo uso. Mesmo tan bastardo desde o punto de vista artístico. Non é estético incluso cando a potencia das cristaleiras penduradas distribúen finos xogos de luz. Non é estético porque para un artista a estética está asumida. É un xogo de mensaxes, de crónicas sobre ese presente continuo que nunca acabamos de abandonar. É tamén un diario de avisos sobre cantas cousas permanecen agachadas entre as normalidades de cada día.

Podería ser un fino combate dialéctico con revoltas estilísticas ou unha estudada revisión de ata que punto, como dicía Barthes, cada cousa require unha ciencia singular que a analice. Desde cada unha destas perspectivas, con cada unha destas interpretacións queda sempre pendurando unha conclusión marcada: o que nos protexe é o que nos condiciona.

Esta é unha circunstancia definitiva porque na obra de Pepe Galán hai de sempre unha vontade de interpretar que non se conforma coas liñas cartesianas do espazo. É unha decisión

MAYDAY c • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 71 x 50 cm • 2007

inqueda de transformación, de aportación ao discurso público, de engadir argumentos alá onde os espectadores quizais só agarden formas. Un xeito de operar que no pasado levou a Galán a deixar a pintura no sentido máis convencional e sairse das paredes. A mesma vontade de transformación que alimentou o cambio do proceso escultórico cara a manipulación de materiais preexistentes. Un cambio que, entendido con perspectiva secuencial, é o cambio do discursivo polo dialéctico, do monólogo polo diálogo. Un cambio operacional que ben podería ser un xeito máis de cambiar a teoría pola praxe, a contemplación pola intervención. A transformación tamén podería ser entendida como unha combinación de formas que procuran unha perspectiva da comprensión. De recuperalo todo sumando os feitos máis a súa interpretación. E esta é unha singular maneira de sinalar ao espectador que case non é posible, en Occidente cando menos, disociar os acontecementos das interpretacións que se fan deles. Así que o artista está obrigado a interpretar para participar sen falsa inxenuidade no discurso público. É un xeito de intervención no espazo con von-

MAYDAY d • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 55 x 65 cm • 2007

tade de ocupación histórica, outro reclamo para espabilar territorios adormecidos.

Hai un reclamo contra o presente e algunhas das súas urxencias contra o esquezo. É outra forma de dialéctica contracorrente, teimuda e comprometida. A contracorrente porque agora mesmo a dialéctica predominante é a da recuperación e asimilación. Propón a capacidade de encaixe como método de defensa e o revival das linguaxes anteriores para que sexan educadamente adaptadas ao presente. Na obra de Pepe Galán pesa moito máis un concepto lento, consecuente e lóxico: a decantación. Un proceso no que cada cousa ocupa o seu lugar de xeito menos arbitrario que na actualidade, de maneira que a súa interpretación estea menos pervertida polo peso do inmediato. Porque o artista explica con contundencia que o presente ten a transparencia rota.

Hai marcas do tempo que se miran e hainas que se aprecian. O percorrido entre as dúas ben podería ser sensorial e memorístico: outro proceso de decantación que non evita aquelas cousas do irracional pero axuda considerablemente a entender cada problema na súa dimensión máis sensata. A memoria decanta pero non é científica. Por iso a obra de Galán está máis afortalada pola razón que pola memoria. É máis unha obra de acción que de refresco e por isto o artista reta ao espectador a entender, a xogarse a interpretación sen esperar a resposta establecida.

Non estou moi seguro que a memoria funcione en espiral. Nin sequera estou seguro de que funcione de maneira algunha. Pero está aí. Como unha cometa nerviosa. Para Pepe Galán a memoria é un asunto de todos. A memoria somos todos, se vale a frase retomada, e por iso o artista converte os datos en frecuencias

MAYDAY g | **MAYDAY h** • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 56 x 47 cm • 2007

e as coloca como columnas (podería dicir miliario, pero sería rebuscado e algo inexacto) porque en realidade son como xogos ópticos cos que ver a realidade que o presente tapa. Periscopios para achegarse a un xeito de volver sobre un pasado que segue vivo incluso na memoria menos emocional. As figuras pechadas que describe o artista teñen datas e as inscricións non modifican o seu carácter se non que reafirma esa vontade de levar aos espectadores ao territorio da ocupación histórica. È obvio sinalar que non é un campo histórico académico ou profesoral. É o campo que quedou despois da catarse. Tanto que foi, tanto que é. Tamén polo paradoxo de que os colectivos sociais precisan decantar os sucedidos. Deixar pasar o tempo, volver a mirar. Como se o tempo fose unha lente. Quizais un cristal. Ou un parabrisas marcado por un golpe.

Vista con perspectiva a historia nunca é como nola contaron. Parece que está chea de datos e os datos teñen unha contundencia científica que máis que contar a verdade a transforma. A historia é outra ficción, pero é difícil convencer aos seus profesionais de ata que punto é especulativo o seu oficio. Metidos nestas fariñas fanse necesarios eses apuntamentos históricos que permitan ao espectador de agora (e ao do porvir -que palabra-) sumarse a reinterpretar os elementos. A volver sobre eles sen os bosque de datos pero coa precisión do representativo. Hai bosques e bosques. Uns arden e outros plántanse. Hai bosques que parecen contraditorios e son consecuentes. Como as maletas e esa sensación coherente de facer as maletas para quedarse, de preparar a mochila para combater aquí. Que tamén é labor histórico animar cara o paradoxo. A maleta é icónica. Está baleira do obxectos e chea de significados. Por non ter, Galán conseguiu que non tivera valor de *ready made* porque entón aparecerían significados que nos levarían a outras estacións. Esta é a maleta do destino. Pero non se consolen pensando que é unha batalla do pasado. Está sendo aquí mesmo. Hai algo imprescindible neste traballo e ata deberiamos chegar á conclusión que, como sucede co ADN, é importante que todas as cousas leven a súa carga semántica.

Pero toda combinación de elementos artísticos está obrigada a conter unha interpretación metafórica. Pode ser que non estea obrigada exactamente e que só sexa un signo dos tempos que buscan en todo plus valías. Que sexa por leis de uso ou por marca de época, o certo é que a condición metafórica foi alimentando os discursos artísticos desde os últimos cento cincuenta anos. Tamén esta condición está presente na obra de Pepe Galán. En máis dun sentido e non sempre no sentido tradicional.



O cristal é unha metáfora líquida. Un signo cargado de semántica. Non sei se máis ou menos, pero un dos grandes signos contemporáneos. Atravesado pola poesía e pola construción. A utilización de un cristal tan industrial, tan marcado, non deixa de ter unha interpretación paradoxal. Dunha banda porque este é un cristal que resiste, que ten vontade de permanecer. Doutra parte porque ten calidade gráfica. Ten ese carácter que se pode relacionar cunha parte da obra de Galán: iconas de trazo breve, algo primitivo, sen intelectualización. Debuxo de cando o debuxo non quería representar nada pero quería expresalo todo. Eses riscos tan aparentemente azarosos sobre a superficie esnaquizada do cristal poderían ser outra forma de surrealismo, ou de realismo fantástico ou de virtuosismo do caos. Son todos porque chamamos azar a todas aquelas cousas das que descoñecemos as cousas e porque hai algo nesas liñas que

MAYDAY f | **MAYDAY g** • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 56 x 47 cm • 2007

lembran como debuxa a escuma a superficie do mar. Claro, desculpen a metáfora.

Pepe Galán encontrou entre os desguaces menos poéticos unha outra forma de contar cousas do mar. Que é transparente e duro. Que rompe pero non se dispersa. Que colga contra nós coma un espello sen gañas de entender de realidade convencional. O artista trata estas imaxes sen ánimo lírico e deste xeito a alusión sae menos falsa. A metáfora vólvese símil e comeza o mar a parecer outras moitas cousas menos domesticación ou liña de costa, ou auga para táboas de surf. Porque hai xogo en case todas as cousas que valen a pena e ninguén xoga na guerra. Este é un xogo de ir contando fragmentos de mar porque, se nos deixamos levar pola literatura, contén todas as metáforas posibles. Pero tamén é un xogo de forza, de potencia visual e de capacidade narrativa. Un xogo de dialéctica no que as cousas que a sociedade produce, utiliza e rexeita volven para explicar seguen aquí para protexernos de inclemencias diferentes ás do tempo. Permanecen para explicarnos. Como o mar, máis ou menos.

CONTRA LAS INCLEMENCIAS DE LOS TIEMPOS

CAMILO FRANCO

Hay tantos días en los que las cosas ideales parecen estar a dos paso de uno que lo raro es no hacerse con ellas. No echar mano de sus posibilidades o no utilizarlas como referente iconográfico, como sublimación gráfica. Hay días así, atravesados por certezas ficcionales que se asemejan a las otras, marcados por una claridad que Walter Benjamin no acabó de identificar y que quizás lo cubra todo de certezas que una mirada convencional no trascienda. Quizás todo forma parte del engaño de la perspectiva que, seguramente, es esa posibilidad de que todos miremos lo mismo pero nadie vea nada igual.

Hay días, tantos días en que las cosas ideales parecen estar a dos pasos, que lo raro es no tocarlas. Pero quizás no podamos porque éste también es un efecto de la perspectiva o porque la transparencia es una dimensión que, a excepción de los poetas, todo el mundo está dispuesto a aceptar que nos distancia. Así que vamos conformando un mundo próximo

pero lejano, desplegado para ser admirado cinematográficamente como si la dimensión del tacto, la tercera, no tuviera derecho a existir. Es entonces, mientras miramos en la distancia el verdor ceñido, cuando si apreciamos el golpe en el parabrisas y la perspectiva cambie y quedamos advertido del peligro porque, sin romper el cristal, ya sabemos que es preciso otro forma de mira. *The dream is over.*

En muchos sentidos esta obra de Pepe Galán juega con las maneras de mirar más allá de su operatividad inmediata. Parece lógico que un artista proponga un cambio de foco, que advierta que por debajo de la mirada cotidiana hay otras posibilidades. Es menos habitual que el artista especule con la evidencia de que siempre miramos a través de algo y que ese intermediario inevitable no es material neutro. El juego no es estético ni tan siquiera por esa apropiación de un material tan sofisticadamente tecnológico, tan marcado por el uso. Incluso tan bastardo desde el punto de vista artístico. No es estético incluso cuando la potencia de las cristaleras colgadas distribuyen finos juegos de luz. No es estético porque para un artista la estética está asumida. Es un juego de mensajes, de crónicas sobre este presente continuo que nunca acabamos de abandonar. Es también un diario de avisos sobre cantas cosas permanecen escondidas entre las normalidades de cada día.

Podría ser un fino combate dialéctico con revueltas estilísticas o una estudiada revisión de hasta qué punto, como decía Barthes, cada cosa requiere una ciencia singular que la analice. Desde cada una de estas perspectivas, con cada una de estas interpretaciones queda siempre colgando una conclusión marcada: lo que nos protege es lo que nos condiciona.

Ésta es una circunstancia definitiva porque en la obra de Pepe Galán hay desde siempre una voluntad de interpretar que no se conforma con las líneas cartesianas del espacio. Es una decisión inquieta de transformación, de aportación al discurso público,

MAYDAY b • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 166 x 90 cm • 2007
MAYDAY h • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 56 x 47 cm • 2007

de añadir argumentos ahí donde los espectadores quizás sólo esperen formas. Una manera de operar que en el pasado llevó a Galán a dejar la pintura en el sentido más convencional y salirse de las paredes. La misma voluntad de transformación que alimentó el cambio del proceso escultórico hacia la manipulación de materiales preexistentes. Un cambio que, entendido con perspectiva secuencial, es el cambio de lo discursivo por lo dialéctico, del monólogo por el diálogo. Un cambio operacional que bien podría ser una forma más de cambiar la teoría por la praxis, la contemplación por la intervención. La transformación también podría ser entendida como una combinación de formas que procuran una perspectiva de la comprensión. De recuperado todo sumando los hechos y su interpretación. Y ésta es una singular manera de señalar al espectador que casi no es posible, en Occidente por lo menos, disociar los acontecimientos de las interpretaciones que se hacen de ellos. Así que el artista está obligado a interpretar para participar sin falsa ingenuidad en el discurso público. Es una forma de intervención en el espacio con voluntad de ocupación histórica, otro reclamo para espabilar territorios adormecidos.



Hay un reclamo contra el presente y algunas de sus urgencias contra el olvido. Es otra forma de dialéctica contracorriente, pertinaz y comprometida. A contracorriente porque ahora mismo la dialéctica predominante es la da la recuperación y asimilación. Propone

FALTA! MAYDAY h • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 56 x 47 cm • 2007

la capacidad de encajar como método de defensa y el *revival* de los lenguajes anteriores para que sean educadamente adaptadas al presente. En la obra de Pepe Galán pesa mucho más un concepto lento, consecuente y lógico: la decantación. Un proceso en el que cada cosa ocupa su lugar de forma menos arbitraria que en la actualidad, de tal manera que su interpretación esté menos pervertida por el peso de lo inmediato. Porque el artista explica con contundencia que el presente tiene la transparencia rota.

Hay marcas del tiempo que se miran y las hay que se aprecian. El recorrido entre las dos bien podría ser sensorial y memorístico: otro proceso de decantación que no evita aquellas cosas de lo irracional pero ayuda considerablemente a entender cada problema en su dimensión más sensata. La memoria decanta pero no es científica. Por eso la obra de Galán está más fortalecida por la razón que por la memoria. Es más una obra de acción que de refresco y por esto el artista reta al espectador a entender, a jugarse la interpretación sin esperar la respuesta establecida.

No estoy muy seguro que la memoria funcione en espiral. Ni siquiera estoy seguro que funcione de manera alguna. Pero está ahí. Como una cometa nerviosa. Para Pepe Galán la memoria es un asunto de todos. La memoria somos todos, si vale la frase retomada, y por eso el artista convierte los datos en frecuencias y las coloca como columnas (podría decir miliario, pero sería rebuscado y algo inexacto) por-



FALTA! MAYDAY h • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 56 x 47 cm • 2007

que en realidad son como juegos ópticos con los que ver la realidad que el presente tapa. Periscopios para acercarse a una forma de volver sobre un pasado que sigue vivo incluso en la memoria menos emocional. Las figuras cerradas que describe el artista tienen datas y las inscripciones no modifican su carácter sino que reafirma esa voluntad de llevar a los espectadores al territorio de la ocupación histórica. Es obvio señalar que no es un campo histórico académico o profesoral. Es el campo que quedó después de catarse. Tanto que fue, tanto que es. También por la paradoja que los colectivos sociales precisan decantar los acontecidos. Dejar pasar el tiempo, volver a mirar. Como si el tiempo fuese una lente. Quizás un cristal. O un parabrisas marcado por un golpe.

Vista con perspectiva la historia nunca es como nos la contaron. Parece que está llena de datos y los datos tienen una contundencia científica que más que contar la verdad la transforma. La historia es otra ficción, pero es difícil convencer a sus profesionales de hasta qué punto es especulativo su oficio. Metidos en estas, se hacen necesarios estos apuntalamientos históricos que permitan al espectador de hoy (y al del porvenir –qué palabra–) sumarse a reinterpretar los elementos. A volver sobre ellos sin los bosques de datos pero con la precisión de lo representativo. Hay bosques y bosques. Unos arden y otros se plantan. Hay bosques que parecen contradictorios y son consecuentes. Como las maletas y esa sensación coherente de hacer las maletas para quedarse, de preparar la mochila para combatir aquí. Que también es labor histórica animar hacia la paradoja. La maleta es icónica. Está vacía de objetos y llena de significados. Por no tener, Galán consiguió que no tuviera valor de *ready made* porque entonces aparecerían significados que nos llevarían a otras estaciones. Ésta es la maleta del destino. Pero no se consuelan pensando que es una batalla del pasado. Está siendo aquí mismo. Hay algo imprescindible en este trabajo y hasta deberíamos llegar a la conclusión que, como sucede con el ADN, es importante que todas las cosas lleven su carga semántica.

Pero toda combinación de elementos artísticos está obligada a contener una interpretación metafórica. Puede ser que no esté obligada exactamente y que sólo sea un signo de los tiempos que buscan en todo plus valías. Que sea por leyes de uso o por marca de época, lo cierto es que la condición metafórica ha ido alimentando los discursos artísticos desde los últimos ciento cincuenta años. También esta condición está presente en la obra de Pepe Galán. En más de un sentido y no siempre en el sentido tradicional.

El cristal es una metáfora líquida. Un signo cargado de semántica. No sé si más o menos, pero uno de los grandes signos contemporáneos. Atravesado por la poesía y por la construcción. A utilización de un



cristal tan industrial, tan marcado, no deja de tener una interpretación paradójica. Por una banda porque éste es un cristal que resiste, que tiene voluntad de permanecer. Tiene ese carácter que se puede relacionar con una parte de la obra de Galán: iconos de trazo breve, algo primitivo, sin intelectualización. Dibujo de cuando el dibujo no quería representar nada pero quería expresarlo todo. Esos rayazos tan aparentemente azarosos sobre la superficie destrozada del cristal podría ser otra forma de surrealismo, o de realismo fantástico o de virtuosismo del caos. Son todos porque llamamos azar a todas aquellas cosas de las que desconocemos las cosas y porque hay algo en esas líneas que recuerdan cómo dibuja la espuma la superficie del mar. Claro, disculpen la metáfora.

Pepe Galán encontró entre los desguaces menos poéticos otra forma de contar cosas del mar. Que es transparente y duro. Que rompe pero no se dispersa. Que cuelga contra nosotros como un espejo sin ganas de entender de realidad convencional. El artista trata estas imágenes sin ánimo lírico y de esta forma la alusión sale menos falsa. La metáfora se vuelve símil y comienza el mar a parecer otras muchas cosas menos domesticación o línea de costa, o agua para tablas de surf. Porque hay juego en casi todas la cosas que valen la pena y ninguno juega en la guerra. Éste es un juego de ir contando fragmentos de mar porque, si nos dejamos llevar por la literatura, contiene todas las metáforas posibles. Pero también es un juego de fuerza, de potencia visual y de capacidad narrativa. Un juego de dialéctica en que las cosas que la sociedad produce, utiliza y rechaza, vuelven para explicar, siguen aquí para protegernos de inclemencias diferentes a las del tiempo. Permanecen para explicarnos. Como el mar, más o menos.

FALTA! MAYDAY h • vidro, cartón e po de ferro | vidrio, cartón y polvo de hierro • 56 x 47 cm • 2007

O largo dun remo • madeira e cristal | madera y cristal • 47 x 50 x 45 cm • 2007

Pregado MAYDAY 06 • vidro e ferro | vidrio y hierro • 55 x 201 x 62 cm • 2007
(detalle en doble páxina seguinte | detalle en doble página siguiente)





Colle a maleta e non te vaias • vidro, coiro e plástico | vidrio, cuero y plástico • 31 x 212 x 86,5 cm • 2007
(detalle en doble páxina seguinte | detalle en doble página siguiente)

DEJE A MALETA
¿DÓNDE TE VAYAS?

MALETA
E VAIA.

Grande para-brisa • vidro e ferro | vidrio y hierro • 182 x 800 x 30 cm • 2001

ART

Para-brisa 05 • vidro, ferro e soldadura inoxidable | vidrio, hierro y soldadura inoxidable • 101 x 200 x 19 cm • 2001

Brétema en Camariñas • vidro e ferro | vidrio y hierro • 290 x 335 x 150 cm • 2001
(detalle en doble páxina seguinte | detalle en doble página siguiente)

B I O B I B L I O G R A F Í A



PEPE GALÁN
(A Coruña, 1955)

Exposicións individuais

1981
O Patacón, A Coruña.

1984
Galería Finis-Terrae, A Coruña.

1986
Galería Trinta, Santiago de Compostela.
Galería Gruporzán, A Coruña.

1991
Galería CEGRAC, A Coruña.
Sala de Exposicións "Duran Loriga", A Coruña.

1992
Bar Picasso (debuxos), A Coruña.

1994
Galería Obelisco, A Coruña.
Galería Artual, Barcelona.

1995
Galería AD HOC, Vigo.

1997
Galería Pardo Bazán, A Coruña. (Cat.)

1998
Sala COAG (Colexio de Arquitectos), A Coruña.

2001
Casa de Galicia, Madrid. (Cat.)
Galería Atlántica, A Coruña. (Cat.)

2005
Galería Fauna´s, Madrid. (Cat.)

2007
Caixanova, Vigo. (Cat.)

Exposicións colectivas

1978
Casa da Cultura, La Galga, A Coruña.

1979
Instalaxe. Homenaxe a "Celso Emilio Ferreiro", La Galga, Santiago.

1980
Bienal Internacional de Pontevedra. (Cat.)
"40 Pintores Coruñeses", Delegación de Cultura, A Coruña.

1981
Centenario "Picasso", Delegación de Cultura, A Coruña.
"Llibres de Artistas", Metronón, Barcelona.
"Arte Postal", O Patacón, A Coruña.

1982
"Poesía Experimental, Ara", Sala Parpalló, Valencia. (Cat.)
Mail Art "Altri Linguaggi", Grupo Operatori D'arti Angri, Italia.
"Libros de Artistas", Salas Pablo Ruiz Picasso, Madrid. (Cat.)

1983
Ciclo "A Pintura Galega Hoxe", Concello da A Coruña.

1984
"Tierra de Nantes y de Galicia", "Terra Bleue", "Atlántica" e "Galga", Espace Graslin, Nantes, Francia. (Cat.)

1985
"Tierra de Galicia y de Nantes", Kiosco Alfonso, A Coruña. (Cat.)
Funda con outros Artistas Gruporzán, A Coruña.
"GRUPORZÁN", Galería Gruporzán, A Coruña.

1986
III Certamen de Grabado "Máximo Ramos", Museo Bello Piñeiro, Ferrol.
"GRUPORZÁN", Museo Bello Piñeiro, Ferrol.
"LITORAL". Kiosco Alfonso, A Coruña. (Cat.)
Galería Radach Novaro, Las Palmas de Gran Canaria.
Sociedad Nacional de Belas Artes, Lisboa, Portugal.
"Fuerzas Atroces del Noroeste", Palacio de la Magdalena UIMP, Santander.
"Forum des Arts", Lorient, Francia.
1º Aniversario Galería Gruporzán, A Coruña.
"Mar a Mar", Colectivo Palmo, Málaga. (Cat.)

1987
"Gravadores Gallegos", Museo Bello Piñeiro, Ferrol.
"Vaya Valla" UIMP, Xardíns de Méndez Núñez, A Coruña. (Cat.)
"Desdeño Industrial" UIMP, Sala de Exposicións Duran Loriga, A Coruña. (Cat.)
"Forum des Arts", Lorient, Francia.
FECIGA 88, Sala de Exposicións Duran Loriga, A Coruña.
"MENCER", Estación Marítima, A Coruña. (Cat.)
ARCO 88, Galería Gruporzán, Madrid. (Cat.)

1989
I Mostra Unión Fenosa, Estación Marítima, A Coruña.
I Certamen "Isaac Díaz Pardo", Deputación da Coruña. (Cat.)
"Papeis da Cidade", Carpeta de gravados, CEGRAC. Edita Deputación da Coruña.
"8 Artistas de A Coruña", Espace Moliere, Agde, Francia. (Cat.)

1990
Galería Vediart, A Coruña.
"Arte sobre papel" Biblioteca Nacional, Madrid. (Cat.)

1991
II Certamen Isaac Díaz Pardo. Deputación da Coruña. (Cat.)
II Mostra Unión Fenosa. Estación Marítima, A Coruña. (Cat.)

1992
Galería Soloarte. A Coruña.

1993
III Certamen Isaac Díaz Pardo. Deputación da Coruña. (Cat.)

1994
"Exposición de Donaciones de Obra Gráfica a la Biblioteca Nacional, 1989-1992". Salas de la Biblioteca Nacional, Madrid. (Cat.)

1995
"Gráfica. Dez anos na U.I.M.P.". Estación Marítima. A Coruña.

1997
III Bienal LAXEIRO. Lalín. Pontevedra. (Cat.)
"GALICIA TERRA ÚNICA". A escultura actual de Galicia. Lugo, Santiago de Compostela, A Coruña. (Cat.)
"GALICIA TERRA ÚNICA" Galicia 1900-1990, Ferrol. (CD-Ron)
V Mostra Unión Fenosa. Estación Marítima. A Coruña. (Cat.)

1998
V Certamen "Isaac Díaz Pardo". Deputación da Coruña. (Cat.)

1999
Realiza as esculturas de entrega, premios "AGAPI 1999" (Asociación Galega de Produtores Independentes).
VI Mostra Unión Fenosa. Estación Marítima. A Coruña. (Cat.)

2000
"A LÁPIZ", Círculo de Bellas Artes, Madrid.
"COLECTIVA DE ESCULTURA", Galería Clérigos, Lugo.

2001
"ESPECIAL NAVIDAD", Galería Atlántica, A Coruña.
"COLECTIVA DE ESCULTURA", Galería Sargadelos, Ferrol.

2002
ARCO´02, Madrid. Stand, Colección Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa, (M.A.C.U.F.).

2003
BOTELLA AO MAR, Casa das Artes, Vigo.
Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela.
"GRÁFICA GALEGA", Galería Atlántica, A Coruña.

2004
XXV ANIVERSARIO, Centro Empresarial do Tambre, Santiago de Compostela.
"IV Exposición de Donaciones de Obra Gráfica a la Biblioteca Nacional. 1998-2002". Salas de la Biblioteca Nacional, Madrid. (Cat.)
ESTAMPA´04. Feira Internacional da Obra Gráfica. Galería Atlántica. Madrid.

2005
"Movemento e traxectoria" y "Transferencia e desprazamento", A PAISAXE REINVENTADA obradoiros de Land Art no Pazo de Mariñán da Deputación da Coruña, e "Obradoiro de Artista, EL MAR, CONTINENTE E CONTIDO, no Museo de Arte Contemporáneo Unión Fenosa (M.A.C.U.F.), A Coruña.

2006
"GRAN FORMATO", Galería Atlántica, A Coruña.

Intervencións e instalaxes

1979
"A longa noite de pedra", Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro. Instalaxe con ferro, plástico, granito e letras de pasta alimenticia. La Galga. Santiago de Compostela.

2002
Autor intelectual de accións artísticas de protesta na rúa. "Cruces cravadas na praia do Orzan", instalaxe na que participan artistas e cidadanía na manifestación de "O Velorio do mar", convocada pola plataforma de artistas Burla Negra e Nunca Máis, A Coruña.

2003
Nova acción; Nos non emigramos que marchen eles, en "Salvemos o mar ou so nos queda a maleta", manifestación con maletas e instalaxe coas mesmas, no Porto da Coruña, lugar histórico de despedidas.

2006
"¡Que falen as pedras!", acción de protesta na rúa, en defensa do Patrimonio Histórico, homenaxeando a súa vez, a canteiros e gremio de mareantes. Intervención con carbón e po de ferro, sobre o empedrado da Cidade Vella de A Coruña.

2005
"Movemento e traxectoria", escultura con cristais reciclados de gran formato, na Marisma do Pazo de Mariñán da Deputación da Coruña, Bergondo. A Coruña, (Cat.)
"Transferencia e desprazamento", intervención e baleirado parcial dun viñedo na Adega do Melimes en Caraña do medio, Betanzos, e transplante das vides recicladas, para formar un segmento direccional na ladeira do Pazo de Mariñán da Deputación da Coruña, Bergondo. A Coruña. (Cat.)

Obra pública

CENTRO DE SAÚDE DE CERCEDA. Cerceda, A Coruña.
PARQUE ESCULTÓRICO DA TORRE DE HÉRCULES. A Coruña.
XACOBEO 99. Escultura instalada na Praza de San Domingos, Lugo.
PASEO MARÍTIMO DE NEDA. Ferrol, A Coruña.

Obra en museos e coleccións públicas e privadas

MUSEO CARLOS MASIDE. Sada, A Coruña.
MUSEO BELLO PIÑEIRO. Ferrol.
MUSEO DE BELAS ARTES. A Coruña.
COLECCIÓN BANCO EXTERIOR DE ESPAÑA.
COLECCIÓN CONCELLO DA CORUÑA.
COLECCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA.
COLECCIÓN CAIXA GALICIA. A Coruña.
COLECCIÓN XUNTA DE GALICIA.
CENTRO DE GRABADO CONTEMPORÁNEO (C.E.G.R.A.C.), A Coruña.
BIBLIOTECA NACIONAL. Madrid.
COLECCIÓN CARUNCHO & TOMÉ. A Coruña.
COLECCIÓN FADESA. A Coruña.
COLECCIÓN FUNDACIÓN RODRÍGUEZ IGLESIAS. A Coruña.
CENTRO INTERNACIONAL DE ESTANPA CONTEMPORÁNEA C.I.E.C. Betanzos, A Coruña.
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO UNIÓN FENOSA (M.A.C.U.F.) A Coruña.

Obradoiros, Conferencias e outros

1984
Reportaxe: "TIEMPOS MODERNOS, últimas tendencias de la pintura gallega", TV2 1984. (Miguel Gato).
Vídeo-reportaxe: Exposición; "Galán, Pintura y Escultura". Galería Finisterrae, 1984. (Nan Casal).

1991
Entrevista: Pepe Galán "Pensando en ti" TVG, 17/04/91. (X. R. Gayoso)

1997
Entrevista: Exposición, "Fendas e ancoras no vento". Galería Pardo Bazán. TVG 1997, (Mon Santiso).

2000
E convidado pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, a un encontro cos alumnos baixo o título "FOTOGRAFÍA y ESCULTURA/OBRA y PROGRAMA" Pepe Galán (escultor). Juan Rodríguez (fotógrafo), dirixido polo arquitecto Carlos Muñoz Fontenla. (7/02/00)

2001
Ciclo "Coruña artística actual", Forum Metropolitano de A Coruña, conversas sobre a miña obra e visita a Copa do Sol no Parque Escultórico da Torre de Hércules,
Xurado, VI Certamen ISAAC DIAZ PARDO, Deputación da Coruña.
Vídeo-reportaxe: Exposición, PARA-BRISA, Casa de Galicia, Madrid.
Vídeo-reportaxe: Exposición, PARA-BRISA, Galería Atlántica.

2003
Entrevista: "Galicia Visual", TVG 25/01/2003.
Xurado, III PREMIO AUDITORIO DE GALICIA para XOVES ARTISTAS 2003.

2005
Dirixe os obradoiros, "Movemento e traxectoria" y "Transferencia e desprazamento", dentro do curso A PAISAXE REINVENTADA obradoiros de Land Art no Pazo de Mariñán. Deputación da Coruña, e, "O MAR, CONTINENTE E CONTIDO", Taller de Artista, no Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa (M.A.C.U.F.), de A Coruña.
Entrevista: Pepe Galán. Programa "Mercuria" (Yolanda Castaño) TV2 en Galicia, 09/12/05.

2006
Conferencia, Arte e natureza en Galicia. Intervención en Mariñan, Pepe Galán/ Juan M. de la Colina, no curso "Aproximación ao Land Art. A creación artística "en" e "con" a naturaza". Centro de Formación e Recursos de A Coruña. Xunta de Galicia.
Encontros Europeos para Artistas, 2006. Visita guiada con Juan M. de la Colina, ao Parque Escultórico da Torre de Hércules. Centro de Formación e Recursos de A Coruña, Xunta de Galicia.

Becas

2001
Axuda para traballo de investigación, V Concurso de Formación y Promoción de las Artes Visuales de la Fundación Arte y Derecho.

TEXTOS E ILUSTRACIÓNS

En catálogos e revistas

1985
"Art & Artists" Londres. Septiembre 1985.

1986
GRUPORZÁN, Carpeta de Gravados. Gruporzán.

1989
"Os papeis da Cidade" Carpeta de Gravados. Deputación de A Coruña.

1991
HOMENAXE A MIGUEL GONZÁLEZ GARCES.
Luzes de Galicia nº 18 inverno 91.

1995
DESDE MIL NOVECENTOS TRINTA E SEIS. Homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade, de Miguel Ríos Torres. Edicios do Castro.

1998
"O dentro pechado", V certamen de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo. Deputación da Coruña.

2003
"o salitre doce da Burla Negra" COOL tural Galicia, Publicación de cultura e arte contemporánea gallega. Xuño 2003.

2005
ARNOTES, Nº 1, xaneiro/febreiro, 2005.
+ CORUÑA nº 9 Xullo 2005

2005
Movemoento/Traxectoria-Transferencia/ desprazamiento, A Paisaxe Reinventada. Deputación da Coruña.

2006
"PARA-BRISA, Transparencia, incisiones y plegados". Primer Catálogo de Proyectos de Creación Visual. VEGAP y Fundación Arte y Derecho.

BIBLIOGRAFÍA

Libros, catálogos e artígos

ANDRADE, A. La voz de Galicia 2/5/96.

ALVAREZ, Lauréano. La voz de Galicia 27//1/91.

ARMAS Munín, Manuel. A Quimera queimada. El ideal Gallego 30/1/88.

BARBEITO, Isabel. El Ideal Gallego. 19/8/89.

BERTOJO, Miky. A Nosa Terra 8/3/91.

BONET, Juan Manuel. Catálogo "Donaciones de obra gráfica a la Biblioteca Nacional" 19891992" Ministerio de Cultura 1994.

BOWEN, Denis. "Art & Artists" Londres. Septiembre 1985.

CAMPOVIEJO, Maruja. El Ideal Gallego, 24/8/05.

CASTELO, Bernardo. Catalogo "Fendas e ancoras no vento" 1997.

Catálogo V Certamen de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo 1998.

Galicia Terra Única, tomo 9, Xunta de Galicia 1997.

"Artistas Gallegos", tomo 3 (realismo- abstracción), pag. 70 a 96, Nova Galicia Ediccións, S.L.

CASTRO, Antón. Catalogo Colección de Arte da Xunta de Galicia, 1986-1993.

Enciclopedia de Galicia, tomo XVI. Arte Contemporáneo (I). Hércules de Ediciones A Coruña 1999.

CERVEIRA - PINTO, Antonio "Litoral" 1986

CORCOBA, Cristina A. "Pepe Galán, un artista comprometido" + CORUÑA nº 9 Julio 2005.

COUSELO, Xavier. El Ideal Gallego 1/2/97.

CRUZ, Juan. "La Ciudad que vive en cubierta", El Pais. 8/8/04.

CURZI, Lucien. Catálogo "8 Artistas de A Coruña" Agde. Francia. 1989.

DOMÍNGUEZ, Antón. Luces de Galiza nº10/11, Primavera 88.

FERNÁNDEZ FUERTES, Tomás. El jardín de Hércules. MOPU 1995.

FERREIRO, Manuel. "Encerrar para ver" El Ideal Gallego. 21/7/94.

FRANCO, Camilo. Cuaderno de Cultura, nº 354, La Voz de Galicia. 18/2/88.

FRANCO, Fernando."Hierro y tejido para una concepción plástica de la intimidad". Faro de Vigo, 17/2/95.

GALICIA1900-1990. Galicia Terra Única, Xunta de Galicia. Catálogo CD-Rom.

GARRIDO, Antonio. Catálogo "Fendas e ancoras no vento", 1997.

GARCIA, Rodrigo. La Voz de Galicia, 28/11/93.

GARCIA RUBI, Amalia. Galán y la fuerza del hierro. El Punto de las Artes. Febrero de 2005.

GOMEZ DE SANZ, Maria Rosa, La Voz de Galicia 20/8/89.

Catálogo, ¨II Mostra Unión Fenosa, 1991.

GUILLÉN LARRAZ, Antonio. El Orzan, 1/11/85.

GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA, apéndice 2000. Editorial Novos Vieiros. Acoruña.

LENS Joaquín. El arte gallego se exhibe. La Voz de Galicia, 22de julio de 2001.

LISTE, Ana. Cuaderno de Cultura. La Voz de Galicia, 4/2/88.

LIAÑO, Mª Dolores. Catálogo V Certamen de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo 1998.

LONGUEIRA, Silvia. La Voz de Galicia, 30/8/94.

Catálogo "Testimonio de una Ciudad". Ed. El Ideal Gallego, 2000.

LOPEZ CALVO, José Ramón. Catálogo "Litoral" 1986.

LOPEZ, Siro. La Voz de Galicia, 27/1/91.

LORENZO Ana. La Voz de Galicia, 31 de mayo de 2001.

MALLO, Albino. "Tecido e ferro" O Correo Galego, 13/7/94.

El Correo Gallego, 21 de mayo de 2001

Os parabrisas de Pepe Galán. O Correo Galego, 22, V, 2001

"Para-brisas" na Galería Atlántica. O Correo Galego, 7.VII.2001.

As propostas de Galán en Madrid. Galicia Hoxe, 17.02.2005

"A escultura saíu dos cadros ó expandirse". Galicia Hoxe, 22.03.2005.

MARTINEZ DE LA COLINA, Juan. "Los cristales del naufragio". Catálogo "para- brisa". Casa de Galicia, Madrid. 2001.

"Los cristales del naufragio". Catálogo "para-brisa". Galería Atlántica. 2001.

MOLINA, César Antonio."Viaje a la Costa da Morte". Huerga & Fierro editores. 2003.

PARRA, Ana. La Voz de Galicia, Cultura. 3/9/05.

PAZOS, Pablo. La Voz de Galicia. 3/9/05.

PENAS, Anxeles. La Voz de Galicia, 18/6/86.

Pepe Galán, en la Galería Atlántica El Ideal Gallego, 15 de julio 2001.

PENELAS, Severino. Catálogo. Galicia Terra Única. tomo 9. Xunta de Galicia, 1997 Enciclopedia de Galicia, Arte Contemporánea I Hércules de Ediciones. A Coruña1999.

RIVAS, Manuel. Catálogo "Desdeño industrial" UIMP, 1987.

"A terra nas maletas, TVG e Zeca Afonso", El Pais-Galicia. 2/3/07.

ROZAS, Mercedes. Catálogo. Galicia Terra Única. tomo 9, Xunta de Galicia 1999.

RUBIO NOMBLOT Javier. Pepe Galán: los ecos de la tragedia. El Punto de las Artes, mayo de 2001.

SANJURJO, Alex. La Opinión. 2/11/05.

SARMIENTO, Rosario. "Reflexión sobre él yo". La Voz de Galicia, 17/7/94.

Catálogo "Fendas e ancoras no vento" 1997.

SEGUÍ PEREZ, Vicente. Catálogo."Mar a Mar", 1986.

SEOANE, Xavier. "Os papeis da cidade". Carpeta de Grabados. Diputación de A Coruña. 1989.

FENDER A FENDA (Unha aproximación a escultura de Pepe Galán) Catálogo."Fendas e ancoras no vento", 1997.

"HERMETISMO E TENSIÓN. PEPE GALÁN AO LONXE", Catálogo "HORIZONTES DO TEMPO" (Revisando una época. 1984-1990), 2005.

TAXES, Francisco. Catálogo. Arco 88. Galería Gruporzán.

TOBA BLANCO, Eduardo. Catálogo. El jardín de Hércules. MOPU, 1995.

Catálogo. "La ciudad y el mar" Edita José López Garrancho 1999.

VALCARCEL, Xulio. "Pepe Galán, a suxerencia do vacío" Luzes de Galicia nº 18 inverno 91.

"OS SECRETOS CÓDIGOS DO FERRO", (Reflexións sobre a obra de Pepe Galán), Catálogo "Fendas e ancoras no vento": 1997.

"TENSIÓN E CORRESPONDENCIA". Catálogo, "PEPE GALAN" Esculturas 1987-1990

Próximas exposicións e proxectos:

Caixanova, Vigo.
Fundación Luis Seoane, A Coruña.
Galería Atlántica.
Proxecto escultórico de gran formato para un edificio na Estrada dos Fortes, A Coruña.
Proxecto, "Homenaxe os fuxidos do Portiño", O Portiño, A Coruña.

fundación
caixanova